

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN E AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, de impulso á inclusión, capacitación e talento dixital en Galicia - Programa Tecnólog@ por un día

Nome e apelidos do/a menor:

Idade do/a menor:

DNI/Pasaporte do/da menor maior de catorce anos:

Nome e apelidos da nai, pai, ou titor/titora:

DNI/Pasaporte da nai, pai, ou titor/titora:

DATOS DE CONTACTO PARA COMUNICACIÓNS

- Número de teléfono:
- Correo electrónico:

CONSINTO EXPRESAMENTE, que o meu fillo/a ou representado/a legal, de acordo coas condicións e termos indicados a continuación, participe na sesión do Programa "Tecnólog@ por un día", organizado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, Amtega) no marco do Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital no curso 2025/2026.

Así mesmo, **DECLARO TER SIDO INFORMADO/A** de que a participación na sesión online deste programa poderá comportar a **captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico**, etc. (en diante, "imaxes") do/a menor nas que interveña como participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativos da actividade da Amtega e da Xunta de Galicia, como páxinas web, redes sociais, medios de comunicación ou informes/documentos derivados do programa. Para autorizar a devandita captación e publicación de imaxes, que se entenderá feita a título gratuíto e sen límite temporal, deberá marcar o recadro correspondente. No caso de que non se autorice a captación e publicación de imaxes, deberá indicalo marcando o correspondente recadro.

- Autorizo a captación e publicación de imaxes**
- NON autorizo a captación e publicación de imaxes**

A continuación inclúese a información básica sobre protección de datos persoais segundo o disposto polo Regulamento (UE 679/2016) xeral de protección de datos:

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). |
| Finalidades do tratamento | Xestionar o Programa "Tecnólog@ por un día" que ten como obxectivo dar a coñecer aos menores o funcionamento dunha entidade TIC. Captación e difusión de imaxes da actividade segundo o detallado na información. |
| Lexitimación para o tratamento | Cumprimento dunha misión realizada en interese público (Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos). Consentimento outorgado polo/a interesado/a. |
| Destinatarios dos datos | Órganos da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a fin de dar difusión ás diferentes iniciativas e programas da Amtega. As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente. Entidades tecnolóxicas colaboradoras para posibilitar a execución da actividade. |
| Exercicio dos dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso, o consentimento, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos . No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos. |
| Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

E na proba de aceptación e conformidade, asinan o presente documento en

..... a de de 2026

Asdo: Nai, pai, ou titor/a* (cómpre a súa sinatura en todo caso)

(* De acordo co establecido no artigo 156 do Código Civil esta autorización entenderase outorgada por un dos proxenitores co consentimento expreso do outro conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.

Asdo: O/A menor (respecto do tratamento de datos persoais, no caso que que teña catorce anos cumpridos ou máis).